



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN-CISTERNA DE REGO ASFÁLTICO USADO.

ÍNDICE

- CLÁUSULA PRIMEIRA: OBXECTO DO CONTRATO
- CLÁUSULA SEGUNDA: ÓRGANO DE CONTRATACIÓN
- CLÁUSULA TERCEIRA: RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN
- CLÁUSULA CUARTA: ORZAMENTO DE LICITACIÓN
- CLÁUSULA QUINTA: PRAZO DE ENTREGA
- CLÁUSULA SEXTA: REVISIÓN DE PREZOS
- CLÁUSULA SÉTIMA: CAPACIDADE PARA CONTRATAR. SOLVENCIA.
- CLÁUSULA OITAVA: PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.
- CLÁUSULA NOVENA: PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO
- CLÁUSULA DÉCIMA: GARANTÍAS ESIXIDAS.
- CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.
- CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.
- CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA: OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.
- CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA: CONTIDO DAS PROPOSICIÓN
- CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA: MESA DE CONTRATACIÓN.
- CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA: VALORACIÓN DAS OFERTAS.
- CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA.
- CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA: ADXUDICACIÓN.
- CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA: FORMALIZACIÓN.
- CLÁUSULA VIXÉSIMA: RESPONSABLE DO CONTRATO
- CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA: CUMPRIMENTO DO CONTRATO.
- CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA: OBRIGAS DO CONTRATISTA. GASTOS E IMPOSTOS.
- CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA: PAGAMENTO.
- CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA: MODIFICACIÓN DO CONTRATO
- CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA: RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO
- CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA: PRAZO DE GARANTÍA. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.
- CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA: PROPOSTAS DE MELLORA OU MODIFICACIÓN NAS SUBMINISTRACIÓN CONTRATADAS.
- CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA: CONTESTACIÓN DE DÚBIDAS SOBRE OS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E/OU DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS.



PRIMEIRA. – OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado, nos termos contidos neste prego de cláusulas administrativas particulares e segundo as especificacións contidas, á súa vez, no prego de prescricións técnicas, que ao igual que o presente ostentarán carácter contractual, conforme prevén os artigos 26, 109.3 e 115.2 do RD. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público (en diante, TRLCSP), polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización do contrato. Así mesmo, revestirán carácter contractual as melloras que de índole económica ou técnica presentase o adxudicatario na súa oferta e fosen aceptadas polo Concello de Pol.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPV), recollida no Regulamento (CE) N° 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007 que modifica o Regulamento (CE) N° 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV), e as Directivas 2004/17/CE y 2004/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos dos contratos públicos, no referente á revisión do CPV.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración tal e como establece o artigo 9 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos documentos contractuais, entre os que se atopan os pregos de prescricións técnicas, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

A necesidade administrativa a satisfacer mediante este contrato é dotarse dun vehículo municipal usado para labores de rego asfáltico, que precisa adquirir o Concello.

SEGUNDA. - ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Pol, é a Alcaldía, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e a adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente tamén será o Sr. Alcalde.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición contencioso administrativa (artigo 21 do TRLCSP).



Os actos administrativos aos que se fai referencia, poñen fin á vía administrativa (artigo 211.4 do TRLCSP), podendo interpoñer contra os mesmos recurso potestativo de reposición (de conformidade cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), en relación co artigo 52 da Lei de Bases de Réxime Local, ante o órgano que os ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (segundo o caso), ou directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado da devandita xurisdición en Lugo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición o prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo será de dous meses dende a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, si fose expresa, ou de seis meses dende a súa desestimación tácita, que se producirá se no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

TERCEIRA. - RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

A contratación a realizar cualifícase como contrato de subministración, de conformidade co establecido no artigo 9 do TRLCSP que establece que son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens inmoables.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito da aplicación do TRLCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación o TRLCSP, xa que o concello de Pol é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de acordo co disposto nos artigos 18 e 19 do TRLCSP, e rexeráse polo mesmo, así como polas determinacións da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo que resulten de aplicación directa. Con carácter supletorio, e en todo aquilo que non se opoña ao TRLCSP, serán de aplicación; o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a LCSP; o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en diante RXLC); Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC; ó Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; á Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e no que aínda continúa vixente, ó Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado polo Decreto de 17 de xuño de 1955 así como, en xeral, as normas ditadas polo Estado e máis o conxunto de leis e normas da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do art. 149.1.18 da Constitución.



De forma supletoria, se aplicarán calquera outras normas de Dereito administrativo e, no seu defecto, as normas oportunas de Dereito privado. Rexerá así mesmo, a normativa administrativa que derroque, substitúa ou modifique á citada e toda a que, no seu caso, estea vixente e lle sexa de aplicación na data de formalización e execución do contrato ata a súa completa extinción.

O réxime de invalidez do contrato será o establecido no Capítulo V, do Título I, Libro I do TRLCSP.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CUARTA. – ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento base da licitación do presente contrato ascende á cantidade de 115.000 euros, aos que haberá que engadir 24.150 euros en concepto de IVE, sendo a suma total de 139.150 euros. Este orzamento contempla a recollida do vehículo usado, descrito na cláusula primeira.

O prezo indicado constitúe a cantidade á que, como máximo, poderá adxudicarse o contrato, entendendo que o mesmo inclúe calquera tributo, gasto ou custo que poda repercutir no prezo final, salvo o IVE que deberá soportar a Administración contratante, que se indicará como partida independente.

Nembargante, o prezo que rexerá durante a execución do contrato será o prezo ofertado polo adxudicatario, que poderá incluír na súa oferta melloras á baixa sobre o orzamento de licitación, ao que se engadirá o IVE correspondente.

De conformidade co artigo 294 do TRLCSP, o pago do prezo total dos bens consiste parte en diñeiro e parte na entrega doutro ben da mesma clase, sen que o importe destes supere o 50% do prezo total.

As obrigas que se deriven da presente contratación financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 153162300, do vixente orzamento.

De acordo co disposto no artigo 88 do TRLCSP, o valor estimado do contrato está determinado polo importe total do mesmo, sen incluír o IVE (incluíndo calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato), polo que o valor estimado no presente contrato ascende á cantidade de 115.000 euros.

QUINTA. – PRAZO DE ENTREGA.



O prazo máximo de entrega será de 10 días, a contar dende a data de sinatura do contrato administrativo. O lugar de recepción do camión-cisterna de rego asfáltico usado será diante da Casa do Concello sita na Plaza de Galicia, nº 1 – Mosteiro. Non se prevé a prórroga contractual, salvo a excepción feita para atrasos ou demoras. Corren de conta do adxudicatario todos os gastos de transporte, matriculación, pintado ou rotulado.

Se se producise atraso na recepción por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga que será polo menos por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

No suposto de chegarse a prorrogar o contrato, como consecuencia de atrasos ou demoras, as características do contrato permanecerán inalteradas e manterase o prezo do contrato adxudicado.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

SEXTA. – REVISIÓN DE PREZOS

O contrato non será obxecto de revisión de prezos de conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP, na súa redacción dada pola Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española e polo Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015; tendo en conta que se trata dun contrato que se esgota no seu cumprimento (salvo as normas relativas ás garantías) pola entrega do seu obxecto nas condicións contractuais pactadas.

SÉTIMA. - CAPACIDADE PARA CONTRATAR. SOLVENCIA.

1. Están facultados para tomar parte na licitación e contratar co concello de Pol, de conformidade co artigo 54 do TRLCSP, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias ou prohibicións contidas no artigo 60 do TRLCSP e estén en condicións de acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme ao establecido na cláusula décimo sétima deste prego.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa coas prestacións obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais. Ademais, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato (art. 54.2 do TRLCSP).



2. Ademais dos requisitos salientados, o contratista proposto como adxudicatario (e só éste) deberá presentar a documentación que se recolle na cláusula 17ª do presente prego, de conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP engadido pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.

3. Aos efectos da contratación os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato deriven, deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de se constituír formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Nas unións temporais, cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fai referencia a cláusula 17 deste prego.

OITAVA. – PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O contrato será adxudicado mediante tramitación urxente, procedemento aberto e selección da oferta máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, regulado polos artigos 157, 158, 159, 160 e 161 e de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 139 do TRLCSP. Motivase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 138 do TRLCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo artigo 150 do TRLCSP, os criterios obxectivos de adxudicación, reflíctanse debidamente puntuados, na cláusula décimo segunda deste prego.

NOVENA. – PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO

Tal e como dispoñen os artigos 13 e 15.1.b do TRLCSP (actualizado pola Orde HAP/2846/2015, de 29 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2016), o contrato non está suxeito a regulación harmonizada polo que o presente procedemento estará suxeito ao seguinte réxime de publicidade:

- Convocatoria de licitación. Segundo dispón o artigo 142 do TRLCSP, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na plataforma de contratación do estado, á que se pode acceder a través da páxina web concello de Pol, no menú servizos municipais-perfil do contratante. (<http://www.concellopol.es> ou www.contrataciondelestado.es)

- Adxudicación. De acordo co previsto no artigos 53 e o 151.4 do TRLCSP, a adxudicación será publicada na plataforma de contratación do estado, á que se pode acceder a través da



páxina web do concello de Pol, no menú servizos municipais-perfil do contratante (<http://www.concellopol.es> ou www.contrataciondelestado.es)

- Formalización. De acordo co disposto no artigo 154 do TRLCSP a formalización publicarase, no Boletín Oficial da Provincia e na plataforma de contratación do estado, á que se pode acceder a través da páxina web do Concello de Pol, no menú servizos municipais-perfil do contratante. (<http://www.concellopol.es> ou www.contrataciondelestado.es)

DÉCIMA.- GARANTÍAS ESIXIDAS.

1. Garantía provisional. Non se esixe.
2. Garantía definitiva; esixirase nos seguintes termos:

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar, no prazo indicado na cláusula 17ª, a constitución da garantía definitiva por importe do 5% do importe de adjudicación do contrato, excluído o IVE (artigo 95 do TRLCSP).

A garantía poderá constituírse, de conformidade co artigo 96 do TRLCSP, en metálico, mediante aval, en valores de débeda pública, por contrato de seguro de caución, cos requisitos establecidos nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería da Administración contratante. Os avais e os certificados de seguro de caución deberán estar verificados de suficiencia (bastanteados) pola secretaría concello de Pol.

Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixidas ao adxudicatario, éste deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda no prazo de quince días, contado dende a data en que se fagan efectivas, se é o caso, as penalidades ou indemnizacións, incorrendo, no caso contrario, en causa de resolución.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, se incumpran as obrigas que impón ao licitador o artigo 151.2 do TRLCSP, ou non se conte cos requisitos de capacidade e solvencia requiridos para a realización da prestación obxecto do contrato, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído).

DÉCIMO PRIMEIRA. LUGAR, E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS



Segundo establece o artigo 159 do TRLCSP o prazo de presentación de proposicións será de 8 días naturais, contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

Se o último coincidise en sábado, domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil, de conformidade coa disposición adicional duodécima do TRLCSP.

A presentación poderá realizarse ben persoalmente, no Rexistro xeral concello de Pol, ben mediante envío por mensaxeiría entregado dentro do prazo sinalado, ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; de conformidade coa disposición derogatoria única, letra g), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, en relación coa disposición final sétima e o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no que resulte aplicable.

No caso de envío por correo ou en calquera das dependencias recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e artigo 16.4 da Lei 39/2015, que resulten de aplicación, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación (a través do rexistro da entidade contratante), por Fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición (fax: 982345330). Sen a concorrencia de ambos requisitos (resgardo de imposición de envío dentro do prazo e comunicación nese mesmo día), non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días dende a data sinalada no anuncio como data límite, sen que a proposta se tivese recibido, esta en ningún caso será admitida.

O número de Fáx do Rexistro xeral concello de Pol - Fáx ao que deberá comunicarse o envío da proposta e o resgardo da data de imposición do envío- é o fax 982345330. En caso de que o licitador desexe confirmar a recepción do fáx no número indicado pode chamar ao número de teléfono 982345029.

O Rexistro xeral concello de Pol, ten horario de 9:00 a 15:00 horas, de luns a venres.

A presentación das proposicións deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose no caso contrario todas as presentadas polo interesado.

Toda a documentación das proposicións presentadas deberá estar redactada en galego ou en castelán de conformidade coa Disposición adicional primeira do TRLCSP e cos artigos 13 e 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao castelán ou galego.



A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego e do prego de prescricións técnicas, sen salvedade algunha.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativas na oferta presentada por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

Cada contratista está limitado a presentar unicamente unha única proposición, e polo tanto, non poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras empresas ou empresarios se o fai individualmente, ou ben, figurar en máis dunha unión temporal. A contravención dese principio dará lugar, de xeito automático, á desestimación de todas as ofertas ou propostas de licitación nas que figure, con independencia da boa fe dos outros concorrentes. (art. 145.3 do TRLCSP).

DÉCIMO SEGUNDA. – CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Cada oferente só poderá **presentar unha única oferta** cun límite máximo de 115.000 €, IVE non incluído.

PUNTUACIÓN POR PRECIO (Máximo 30 puntos):

- Se VCR (Prezo Camión cisterna rego asfáltico) é igual a 115.000 euros
Impostos non incluídos. **0 Puntos.**
- Se VCR (Prezo Camión cisterna rego asfáltico) é menor a 115.000 euros
Impostos non incluídos, aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = 115 - (\text{VCR}/1000)$$

PUNTUACIÓN POR MENOR ANTIGÜIDADE (máximo 20 Puntos)

- Se ACR (Antigüidade en anos do Camión cisterna rego asfáltico) é igual a 8 anos. **0 Puntos.**
- Se ACR (Antigüidade en anos do Camión cisterna rego asfáltico) é menor a 8 anos,
aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = (8 - \text{ACR}) * 3$$

PUNTUACIÓN POR MENOR QUILOMETRAXE (máximo 10 Puntos)

- Se QCR (Quilometraxe Camión cisterna rego asfáltico) é igual a 40.000 Km. **0 Puntos.**



- Se QCR (Quilometraxe Camión cisterna rego asfáltico) inferior a 40.000 Km, aplicarase a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos} = ((40.000 - \text{QCR})/10000) * 2,5$$

PUNTUACIÓN POR CAPACIDADE DA CISTERNA. (Máximo 6 puntos):

- Aplicarase a base de 1,5 puntos por cada 500 litros de capacidade ca cisterna adicional os 11.000 litros mínimos esixidos no prego de condicións técnicas.

PUNTUACIÓN POR AUMENTO DE PRAZO DA GARANTÍA. (Máximo 4 puntos):

- Aplicarase a base de 1 puntos por cada seis meses de extensión de garantía adicional sobre os 12 meses mínimos esixidos no prego de condicións técnicas.

CRITERIO DE DESEMPATE.

No caso de que dúas ou máis propostas obtivesen a mesma puntuación unha vez aplicados a totalidade dos criterios de adxudicación, terá preferencia para a adxudicación a empresa que tivese ofertado a mellor oferta respecto do criterio con máis puntuación (oferta económica), e se persistise o empate, irase aplicando esta mesma preferencia, por orde de cada un dos criterios de adxudicación (por orde de maior a menor puntuación). Se aínda persistise o empate terán preferencia na adxudicación do contrato aquelas empresas que teñan no seu equipo un número de traballadores con discapacidade, superior ao 2% do seu cadro de persoal, sempre e cando a empresa tivese incluído o ANEXO VIII debidamente cumprimentado

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditasen ter relación laboral con persoas con discapacidade, nun porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato ao licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con minusvalía no seu equipo. No caso en que persistise o empate, decidirase por sorteo. A estos efectos as empresas licitadoras deberán aportar a declaración sinalada no ANEXO VIII.

DÉCIMO TERCEIRA. – OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a oferta que estea dentro dos supostos seguintes, en relación co criterio prezo:



1. Cando, concorrendo un só candidato, sexa inferior a súa oferta ao orzamento de licitación en mais de 25 unidades porcentuais.
2. Cando, concorrendo só dous participantes, a oferta que sexa inferior en mais de 20 unidades porcentuais respecto á outra oferta.
3. Cando, concorrendo tres participantes, as ofertas sexan inferiores en mais de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Excluirase para este cómputo a oferta de contía mais elevada cando sexa superior en mais de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando, concorrendo catro ou mais participantes, as ofertas sexan inferiores en mais de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Sen embargo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en mais de 10 unidades porcentuais, se procederá ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media se calculará sobre as tres ofertas de menor contía.

De conformidade co artigo 152.3 do TRLCSP, cando a Mesa de contratación identifique unha proposición (oferta económica) que poida ser considerada anormal ou desproporcionada, dará audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique, no prazo de dez días hábiles, a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vai a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado

Se o Órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos preceptivos, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluirá a mesma da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo co orde en que fosen clasificadas.

Ademais, os criterios obxectivos a empregar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta, en función da documentación que presente a empresa no trámite de xustificación da súa oferta identificada como desproporcionada ou anormal ou ben xa presentada polos licitadores e incorporada ao expediente, serán os seguintes:

- a) Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que comprenderá, polo menos, unha explicación detallada e pormenorizada dos mesmos en relación á subministración que constitúen o obxecto da contratación.



b) Entenderase que existen valores anormais ou desproporcionados na oferta, debendo rexeitarse, nos casos en que na valoración da xustificación da baixa se comprabe que o prezo anormalmente baixo ou desproporcionado resulta do incumprimento da lexislación laboral da Unión Europea en Materia social, laboral ou medio ambiental, de disposicións do dereito laboral internacional ou do dereito nacional en estas materias, tendo en conta o establecido no artigo 69.3 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento e do Consello de 26/02/2014, en relación co artigo 18.2 da devandita Directiva.

DÉCIMO CUARTA. – CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

As propostas que presenten os licitadores serán secretas e serán arbitrados os medios, pola Administración, que garantan ese carácter ata o momento da apertura.

Os licitadores deberán presentar as súas propostas dentro do prazo indicado na cláusula 11ª e, en cada un dos sobres que se citan nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula, no anverso dos que deberá figurar a lenda seguinte:

SOBRE " _ " (segundo proceda: "A" ou "B") comprensivo de _____ (segundo proceda "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA" ou "PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA") que presenta Dª./D. _____, en nome e representación da empresa " _____ " ou Unión Temporal-, con domicilio _____, teléfono _____ Fax _____ e correo electrónico _____, para tomar parte no procedemento aberto do contrato de subministración **DUN CAMIÓN-CISTERNA DE REGO ASFÁLTICO USADO** convocado polo concello de Pol.

En _____, __ de _____ de 2017

(Sinatura do representante e selo da empresa)

Xunto cos dous sobres, e fóra dos mesmos, o contratista presentará –debidamente cumprimentado e asinado- o oficio A ou B (segundo corresponda):

OFICIO A (Presentar en caso de entrega presencial dos sobres no Rexistro do Concello de Pol):

D/Dª _____ DNI _____

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza _____ Nº _____



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

Desexa tomar parte no procedemento aberto do contrato de subministración DUN CAMIÓN-CISTERNA DE REGO ASFÁLTICO USADO, convocado polo concello de Pol, dos seguintes sobres pechados:

- SOBRE A; comprensivo da documentación administrativa.
- SOBRE B; proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.

En , de de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a

(Sinatura)

OFICIO B (Entregar en caso de envío por correo ou a través de calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.)

D/D^a DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº



Poboación CP

Desexa tomar parte no procedemento aberto do contrato de subministración DUN CAMIÓN-CISTERNA DE REGO ASFÁLTICO USADO, convocado polo concello de Pol.

- SOBRE A; comprensivo da documentación administrativa.
- SOBRE B; proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.

En , de de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a

(Sinatura)

Así mesmo, e co obxecto de axilizar o proceso da adxudicación, os licitadores facilitarán un número de Fax ao concello de Pol e unha dirección de correo electrónico, ós efectos de que as comunicacións previas á proposta de adxudicación, esta mesma, a notificación, así como outros actos posteriores, se poidan realizar por calquera destes medios (**VER MODELO ANEXO III**).

I. SOBRE A: Subtitulado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA", que de conformidade co disposto polo artigo 146.4 do TRLCSP engadido pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización deberá conter :

1º. Declaración responsable (Ver ANEXO I, ANEXO II, ANEXO III, ANEXO VI e ANEXO VII)

2º.- Documentación que ademais da anterior, deberán aportar as Unións Temporais de Empresas:

2.a) Cada empresa que forme a Unión Temporal, deberá presentar as declaracións responsables na forma sinalada no apartado anterior.

2.b) Figurará así mesmo compromiso de constitución en Unión Temporal debidamente asinado polos participantes na Unión no que se recollan os nomes e circunstancias dos empresarios, a participación na unión de cada un deles, e a designación formal da persoa o persoas ou entidades, que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da UTE ante a Administración contratante.



A falsidade ou inexactitude dos datos declarados polo contratista poderá provocar a desestimación da oferta ou, no seu caso, a súa resolución, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao contratista ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios.

Non poderá incluírse neste sobre A, información que permita determinar a puntuación que os licitadores acadarían en base aos criterios de adxudicación. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación.

Non poderá incluírse neste sobre A, información que permita determinar a puntuación que os licitadores acadarían en base aos criterios de adxudicación. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar a súa exclusión do procedemento de adxudicación.

II. SOBRE B: Subtitulado "PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA", que conterá os anexos IV, V e VIII.

DÉCIMO QUINTA. – MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, polo menos catro vocais, entre os cales estará o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma.

Neste caso conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- Lino Rodríguez Ónega, que actuará como Presidente da Mesa.
- Froilán Pallín Seco, Vocal (Secretario da Corporación).
- Sandra Freire Del Valle, Vocal (Administrativa adscrita a Intervención-Contabilidade).
- Emerio Camiño Fernández, Vocal (Operario-encargado do Concello de Pol).
- Verísima Labrada Lanza, (auxiliar administrativa adscrita a Secretaría) que actuará como Secretaria da Mesa.

Como asesores da Mesa designanse na súa condición de expertos a:



- Manuel Guerra Pérez, (mecánico especialista do Parque Móbil da Deputación de Lugo).
- Samuel Santos Santos, (Enxeñeiro Técnico Industrial).

DÉCIMO SEXTA. – VALORACIÓN DAS OFERTAS.

16.1 Cualificación da documentación e emenda. A Mesa constituirase para a cualificación previa da documentación e comprobación da documentación contida no sobre “A”, dentro do prazo máximo dun mes, dende a data de remate do prazo de presentación de ofertas polos licitadores (artigo 160 TRLCSP). Ós efectos anteriores, a data, lugar e hora, será publicado na plataforma de contratación do Sector Público á que se pode acceder a través da páxina web do concello de Pol, no menú servizos -perfil do contratante. (<http://www.concellopol.es/> ou www.contrataciondelestado.es)

Se a Mesa observara defectos materiais na documentación presentada, dará conta aos asistentes dos erros detectados, concedendo, sempre que os referidos erros sexan cualificados como emendables, un prazo de 3 días hábiles de conformidade co artigo 146 do TRLCSP e o art. 81 do RXLC para que o licitador sanee o error apreciado, extremo que deberá ser notificado polo secretario da Mesa a través de Fax ou correo electrónico aos interesados.

En todo caso, as proposicións presentadas que non se axusten ó contido esixido pola cláusula 14ª deste prego non serán admitidas á licitación. Será concedida ós interesados a posibilidade de facer as manifestacións ou solicitar as aclaracións que estimen oportunas, procedéndose pola Mesa a dar respostas ás dúbidas sobre os extremos requiridos, xa que, finalizado ese momento, non serán admitidas observacións nin interrupcións ó acto. Os interesados terán en conta que a Mesa non se fará cargo de documento novo ningún que presenten os licitadores nese momento, agás aquelas aclaracións que fosen expresamente solicitadas, garantindo a igualdade entre todos os licitadores e sen que poidan modificar as súas ofertas.

16.2 De conformidade co artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, a apertura do sobre B, farase en acto público; acto que para esta contratación terá lugar o mesmo día e na sesión fixada para a cualificación dos sobres “A”, de modo que ambos trámites sexan públicos. Neste acto realizarase a apertura dos sobres “B”, dando ocasión aos interesados a comprobar que os sobres están nas mesmas condicións nas que foron entregados e procederase a verificación do contido dos mesmos para, finalmente, proceder ao seu estudo.

Si existira discrepancia entre as proposicións presentadas e a certificación/informe ó efecto emitido/a pola persoa encargada do Rexistro Xeral do concello de Pol, ou ben, xurdan dúbidas sobre as condicións do segredo debido na súa custodia, o acto será suspendido de xeito inmediato, iniciándose con urxencia as pescudas oportunas sobre os feitos; volvéndose a anunciar, no seu caso, e mediante inserción na páxina web do concello de Pol, no menú



servizos -perfil do contratante. (<http://www.concellopol.es/> ou www.contrataciondelestado.es), o novo inicio do acto público unha vez que os sucesos estiveran debidamente clarexados.

16.3 A Mesa de contratación poderá solicitar cantos informes considere precisos dos asesores da Mesa. Emitidos, de ser o caso, os informes solicitados pola Mesa de contratación, ésta xuntarase de novo.

De conformidade co artigo 22 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, no mesmo día do acto anterior, ou ben nun acto posterior, a Mesa xuntarase co obxecto de realizar a valoración total das distintas proposicións, nos termos previstos nos artigos 150 e concordantes do TRLCSP, propoñendo clasificalas en orde decrecente de valoración aos efectos de que o órgano de contratación proceda segundo o establecido no artigo 151 do TRLCSP, emitíndose, seguidamente, a Acta correspondente que se elevará ó indicado órgano, xunto co resto de Actas, informes, documentos e antecedentes que obren no expediente.

16.4 O órgano de contratación, á vista da proposta da Mesa de Contratación, clasificará por orde decrecente ás proposicións presentadas e non excluídas.

DÉCIMO SÉTIMA. – DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE PRESENTE A OFERTA MÁIS VANTAXOSA.

De conformidade co artigo 151.2 e 156.4 do TRLCSP, O Órgano de contratación requirirá ao contratista que presente a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

1- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen e deberá ir acompañada dunha declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s. No suposto de que o contratista estea exento do pagamento deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable (ver modelo Anexo).

2- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

3- Certificación administrativa expedida polo órgano competente do concello de Pol, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta (Ou autorización á secretaría do concello, ver modelo Anexo)



4- Certificación expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5- Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable, de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

6- Resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, constituído de conformidade co disposto neste prego.

7- Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 72 do TRLCSP e 21 RXLC):

a) Empresario Individual:

Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

b) Persoas Xurídicas:

- Fotocopia do CIF da empresa.

- Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

- Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro). No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

c) Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trata dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) pola secretaría do concello de Pol.

Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa. As empresas estranxeiras,



membros da comunidade europea ou non, deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

8- Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica conforme ao establecido nos artigos 62, 74 e 75 do TRLCSP e no Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC (R.D. 1098/2001, do 12 de outubro)

8.a) O licitador deberá acreditar a solvencia económica e financeira a través dun ou varios dos seguintes medios:

8.a.1)- O volumen anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

8.a.2) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación das contas.

8.b).- A solvencia técnica e profesional acreditarase de conformidade co artigo 77 TRLCSP e co Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC polos seguintes medios:

a) Relación das principais subministracións efectuadas durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Mostras, descrições e fotografías do camión-cisterna de rego asfáltico usado que ofrece, cuxa autenticidade poida certificarse a petición do concello de Pol.



9- En caso de concorrer en unión temporal de empresas, cada un dos empresarios que deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores. Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar escritura pública de constitución como tal.

Se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables o Órgano de contratación, previos os informes necesarios, concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Neste suposto a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído). Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación, definido na cláusula segunda deste prego, procederá á adxudicación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do contratista proposto fronte á Administración (artigo 160.2 do TRLCSP), polo que de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o contratista retirou a súa oferta, procedéndose a recabar a mesma documentación ao contratista seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas (artigo 151.2 do TRLCSP).

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do RXLC, haberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións ás que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do RXLC e ter a vixencia indicada no artigo 16 do mesmo precepto legal.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar ademais certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

As empresas inscritas no Rexistro de licitadores da Excm. Deputación Provincial de Lugo, quedan eximidas da presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores, salvo o apartado 5º, 6º, 7º.c e 8º anteriores, debendo aportar, no seu lugar, certificado ou documento bastante que acredite dita inscrición con data anterior ó inicio do prazo de licitación. O certificado ou documento que acredite a inscrición no Rexistro de



licitadores deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifeste que os datos declarados no momento da súa inscrición non experimentaron variación. (Ver modelo Anexo XI).

DÉCIMO OITAVA. – ADXUDICACIÓN.

O órgano competente para a contratación, deberá adoptar o correspondente acordo resolutivo de adxudicación, dentro do prazo máximo de catro meses desde a data de apertura das proposicións, de conformidade co disposto no artigo 161.2 do TRLCSP, de non adxudicarse neste prazo, os licitadores teñen o dereito a retirara a súa proposta, e de ser o caso, á devolución ou cancelación das garantías prestadas.

Os licitadores deberán manter as súas ofertas durante o prazo de catro meses desde a apertura das mesmas, de conformidade co establecido no artigo 161.2 do TRLCSP.

Os prazos indicados ampliaranse en quince días cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o artigo 152.3. do TRLCSP e a cláusula 13 deste prego.

De conformidade co artigo 151.3 do TRLCSP, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos tres días hábiles seguintes á recepción da documentación referida na cláusula anterior.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego (artigo 151.3 do TRLCSP). Non obstante, nos termos previstos no artigo 155 do TRLCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a asinar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non subsanables, debendo de indemnizar os licitadores, en ambos os dous casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles efectivamente ocasionase.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase na páxina web d do Concello de Pol, no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.concellopol.es/> ou www.contrataciondelestado.es) de artigo 151.4 do TRLCSP).

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos licitadores descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.



- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición dos adxudicatario determinantes de que sexa seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presenten os restantes licitadores cuxas ofertas sexan admitidas.
- Na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. O prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días. (De conformidade coa disposición derogatoria única da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015).

DÉCIMO NOVENA. – FORMALIZACIÓN.

O contrato que se deriva da presente licitación, se formalizará por escrito en documento privado na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, aínda que sempre dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación (artigo 156 do TRLCSP).

Cando non se formalice o contrato no prazo sinalado por causas imputables ao adxudicatario, a administración poderá recabar a documentación á que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP ao contratista seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Actuará como representante do Concello de Pol - en uso das facultades que lle atribúe a Lei 7/85, do 2 de abril de bases de réxime local, e a Disposición adicional segunda do TRLCSP – o Alcalde-presidente, como representante do contratista quen así o teña acreditado no expediente, salvo presentación de novos documentos e poderes notariais que verifiquen o outorgamento desa representación a persoa distinta. Dito contrato formalizarase ante a Secretaría do Concello de Pol - en virtude do establecido no artigo 2 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional - que asistirá nas súas funcións de fe pública - emitíndose tres exemplares do mesmo, coa fin da súa entrega as partes do contrato.

O Concello reservase determinar a formalización do contrato mediante firma electrónica recoñecida, validamente emitida por un Prestador de Servizos de Certificación e que garanta a identidade e integridade do documento, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, de firma electrónica do 19 de decembro e demais disposicións de contratación pública electrónica en



prol do cumprimento do principio de transparencia na contratación e de eficacia e eficiencia da actuación administrativa; neste caso e a tales efectos o licitador, por medio de persoa con poder bastante e tecnoloxicamente habilitada, presentarase na data fixada ao efecto, na Secretaría do Concello de Pol.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

VIXÉSIMA. – RESPONSABLE DO CONTRATO

O Concello de Pol poderá designar, de conformidade co artigo 52 do TRLCSP, unha persoa física ou xurídica, vinculada ou allea a ela, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación así coma:

- a) Promover e convocar as reunións que resulten necesarias ao obxecto de solucionar calquera incidente na execución do obxecto do contrato nos termos que mellor conveña aos intereses públicos e resolver as dúbidas que xurdan durante a fase de execución.
- b) Propoñer ao órgano de contratación a resolución das incidencias xurdidas na execución do contrato, seguindo o procedemento establecido no art. 97 do RGCAP. c) Propoñer a imposición de penalidades.
- c) Propoñer, de ser lo caso, a prórroga do contrato.
- d) Propoñer o exercicio das prerrogativas contidas no art. 210 e ss. Do TRLCSP.
- e) Establecer as directrices oportunas en cada caso, podendo requirir ó adxudicatario, en calquera momento, a información que precise acerca do estado de execución do obxecto do contrato, das obrigas do adxudicatario, e do cumprimento dos prazos e actuacións.
- f) Asistir aos actos de recepción e subscribir a/s acta/s de recepción (ou documento que acredite a conformidade ou desconformidade no cumprimento) e de ser o caso dar ou non a conformidade coas facturas presentadas.
- g) Dirixir instrucións ao contratista sempre que non supoña unha modificación do obxecto do contrato nin se opoña ás disposicións en vigor ou ás derivadas dos pregos e demais documentos contractuais.

O responsable do contrato será o Sr. Alcalde, ou persoa en quen delegue ou o substitúa.

En caso de desconformidade ou discrepancia cos resultados da acta de recepción, o empresario poderá presentar as alegacións que estime pertinentes en forma de peritaxe,



ditames ou análises emitidas por centros ou organismos oficiais, que servirán, como elementos de xuízo para a resolución definitiva que ditará o órgano de contratación.

Con carácter xeral, salvo o establecido para casos específicos na lexislación contractual, cantas incidencias xurdan entre o Concello de Pol e o contratista na execución do contrato por diferenzas de interpretación do convindo ou por necesidade de modificar as condicións contractuais, tramitaranse mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente as actuacións estipuladas polo artigo 97 do RCAP.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. – CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego, no de prescricións técnicas e nas melloras ofertadas, a satisfacción da Administración.

A entrega da subministración que regula este prego será efectuada a risco e ventura do contratista que resultase adxudicatario, quen non terá dereito a indemnización algunha por perdas, avarías ou prexuízos que podan ser ocasionados nos mesmos con anterioridade á súa entrega á Administración contratante. A entrega deberá realizarse diante da Casa do Concello sita na Plaza de Galicia, nº 1 – Mosteiro.

Serán, en todo caso, por conta do contratista, os gastos orixinados polo transporte para a entrega dos vehículos novos (artigo 297 do TRLCSP), así como os gastos derivados da retirada dos vehículos usados. Así mesmo, será responsable da súa custodia ata a súa entrega efectiva, correndo da súa conta os gastos xerados por este concepto, se os houberse. O contratista non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos vehículos á Administración, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos (artigo 292 do TRLCSP).

Se a subministración non está en condicións de ser recibida, deberá facerse acta que conteña este extremo, dándosele ao adxudicatario as instrucións precisas para que emende os defectos observados ou proceda á entrega de novos vehículos, de conformidade co pactado, sen prexuízo das consecuencias que disto se puidesen derivar. En calquera caso a Administración poderá rexeitalos, quedando exenta da obriga de pagamento, e tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón. No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato.

VIXÉSIMO SEGUNDA. – OBRIGAS DO CONTRATISTA. GASTOS E IMPOSTOS.



22.1.- OBRIGAS XERAIS

O contratista virá obrigado a manter durante toda a vixencia do contrato as condicións referidas a súa capacidade de obrar, solvencia e as sinaladas no artigo 60 do TRLCSP. A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. (*art. 215 do TRLCSP*).

Ademáis serán obrigas xerais do contratista as establecidas neste prego e as contidas do prego de prescricións técnicas, en concreto as seguintes:

- ✓ Cumprimento da normativa laboral, seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente durante a execución do contrato.
- ✓ As recollidas no prego de prescricións técnicas que non teñan cualificación específica.

22.2.- CONDICIÓNES ESENCIAIS DE EXECUCIÓN

Son condicións esenciais de execución as recollidas no artigo 228 bis do TRLCSP; a estes efectos deberán remitir ao órgano de contratación a documentación xustificativa dos pagamentos aos subcontratistas e subministradores que participen no contrato dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 228 e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, e no que lle sexa de aplicación.

O incumprimento desta obriga, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, que se graduarán, en función da gravidade do incumprimento, sen que podan superar o 10% do orzamento do contrato, conforme ao artigo 212.1 do TRLCSP. A resistencia ou reiteración no incumprimento xustificará a graduación na porcentaxe máxima ou próxima á máxima da penalidade a impoñer.

22.3.-CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Son condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- Entregar a subministración no prazo ofrecido na súa proposición, ou de non ofertar mellora no prazo de entrega no prazo máximo de 10 días.
- Cumprir coas melloras das características técnicas ofrecidas, por encima das establecidas no prego de prescricións técnicas e na cláusula 12.2.1 deste PCAP.
- Cumprir co incremento do prazo de garantía, por encima do establecido como mínimo neste PCAP (ver cláusula 12.1.2)



O incumprimento das condicións especiais de execución, calificadas como obrigas contractuais esenciais no parágrafo anterior, constitúe causa de resolución contractual, segundo o establecido no artigo 223.f do TRLCSP.

A demora en que incorra o contratista na entrega do vehículo, aínda cando non proceda por iso a resolución deste, dará lugar ao apercibimento escrito por parte da Administración, oído o contratista.

Os apercibimentos por demora levarán consigo unha penalización equivalente a:

- Primeiro apercibimento: cinco (5) por cento do importe do importe de adxudicación (SEN IVE).
- Segundo apercibimento: dez (10) por cento do importe de adxudicación (SEN IVE).

A demora establecerase polo atraso na entrega respecto ao prazo previsto para a subministración dos bens, non á recollida dos usados.

22.4 GASTOS E IMPOSTOS

Son de conta do adxudicatario:

- a) Todos os gastos derivados da publicidade da licitación que o órgano de contratación decida realizar no Boletín Oficial da Provincia (*art. 67.2.g RXLC*). Os gastos de formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública correrá a cargo do adxudicatario. Os citados gastos de publicación descontaranse no primeiro pagamento efectuado a favor do contratista, salvo que o mesmo acredite o ingreso do custo daqueles na Tesourería da Administración contratante.
- b) Encontrarase, así mesmo, obrigado ao pagamento de todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias de administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración. En concreto son de conta do adxudicatario os gastos de transferencia dos vehículos usados; os impostos aos que esté suxeita a transmisión dos vehículos usados e, de ser o caso, os gastos de baixa en rexistros oficiais e para desfacerse deles como residuo.
- c) Calquera gasto a que houberse lugar para a correcta execución do contrato se os houberse ((taxas, impostos, gastos de tramitación e xestión da matriculación de ser ésta necesaria) Serán, en todo caso, por conta do contratista, os gastos orixinados polo transporte para a entrega do vehículo novo, así como os gastos orixinados polo transporte para a retirada do vehículo usado (artigo 297 do TRLCSP). Así mesmo, será responsable da súa custodia ata a súa entrega efectiva, correndo da súa conta os



gastos xerados por este concepto, se os houbese. O contratista non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos vehículos antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos (artigo 292 do TRLCSP).

- d) A indemnización dos danos que podan causarse á Administración contratante ou a terceiros, como consecuencia das operacións que requiran a correcta execución do contrato, salvo se eses prexuízos estivesen causados por unha orde directa e inmediata de dita Administración (artigo 214 do TRLCSP).

VIXÉSIMO TERCEIRA. – PAGAMENTO.

O pagamento do prezo do contrato realizarase contra factura, previa recepción formal dos bens coa conformidade do responsable da unidade administrativa que reciba ou supervise a correcta entrega do vehículo, expedida de acordo coa normativa vixente. A recepción de conformidade esixe que se emita un acta de entrega do vehículo, facendo constar nela que o vehículo cumpre coas condicións esixidas neste prego de condicións e no PPT e coas melloras ofrecidas. Nesa mesma acta deixarase constancia da recollida do vehículo usado. Do importe total da compra, descontarase o importe a entregar pola retirada dos vehículos usados (importe que non está suxeito a IVE).

A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal. A estes efectos, terá a obriga de presentar xunto coa factura, declaración responsable de estar ao corrente de pagamento de salarios, declaración responsable de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Non se dará trámite ás facturas sen esta documentación.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no RD 1619/2012, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades Anónimas, Sociedades de Responsabilidade Limitada, as Unións Temporais de Empresas, as Agrupacións de Interese Económico (Lei 12/1991, de 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as Agrupacións de Interese Económico Europeas (Regulamento (CEE) nº 2137/85 do Consello, de 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.



O acceso ao Sistema electrónico de facturación do Concello, e a información sobre o mesmo será a través das seguintes URL: <https://face.gob.es> .

A Administración deberá aboar o importe do prezo dentro dos prazos establecidos no artigo 216 do TRLCSP.

VIXÉSIMO CUARTA. - MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se prevé a modificación contractual.

VIXÉSIMO QUINTA. - RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

De conformidade co artigo 221 do TRLCSP o contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución.

O contrato ademais de nos supostos de incumprimento de calquera das obrigas contractuais cualificadas como esenciais neste prego, no caso de proceder, o extinguirase pola súa resolución (artigo 221 do TRLCSP), acordada pola concorrencia dalgunha das restantes causas previstas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 225 e 300 do TRLCSP e 109 a 113 do RXLC.

En todo caso, cando ante un incumprimento culpable do contratista, a Administración opte pola resolución de contrato, o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da incautación da garantía constituída. En caso de que se resolva incautar a garantía, indicárase expresamente a porcentaxe ou importe desta a incautar, procurando, cando sexa posible, manter a proporcionalidade co valor económico do incumprimento realizado. Todo iso, sen prexuízo da indemnización por danos e prexuízos ocasionados que puidese esixirse ao contratista no que exceda do importe da garantía constituída.

VIXÉSIMO SEXTA. – PRAZO DE GARANTÍA. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

O prazo de garantía que se establece é de 24 meses en pezas e man de obra, a partir da data de recepción de conformidade, sen prexuízo da mellora que neste senso poida aportar o contratista, que será de obrigado cumprimento. A recepción de conformidade esixe que se emita un acta de entrega do vehículo, facendo constar nela que o vehículo cumpre coas condicións esixidas neste prego de condicións e no PPT e coas melloras ofrecidas. Nesa mesma acta deixarase constancia da recollida do vehículo usado. Dende a data deste acta comeza o período de garantía.

A garantía cubrirá polo período indicado, a substitución e/ou reparación de pezas e man de obra, así como todos os gastos, incluídos os de transporte, que ocasione a devandita substitución/reparación, a súa retirada e posterior devolución. Transcorrido o prazo indicado



sen obxeccións por parte do Concello de Pol, quedará extinguida a responsabilidade do contratista

De conformidade co artigo 228 do TRLCSP:

1. Si durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos bens fornecidos terá dereito a Administración a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos si fose suficiente.
2. Durante este prazo de garantía terá dereito o contratista a coñecer e ser oído sobre a aplicación dos bens fornecidos.
3. Si o órgano de contratación estimase, durante o prazo de garantía, que os bens fornecidos non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista e exista a presunción de que a reposición ou reparación de devanditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obrigación de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.
4. Terminado o prazo de garantía sen que a Administración tivese formalizado algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados 1 e 3 deste artigo, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens fornecidos.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela, previa solicitude por parte do contratista (solicitude que se presentará no rexistro do concello de Pol) procedendo á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP (artigo 102 TRLCSP).

Transcorrido un ano dende a data de terminación do contrato sen que a recepción formal (documento de conformidade) tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP; prazo que se reducirá a seis meses para o caso dos licitadores que reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos.

VIXÉSIMO SÉTIMA.– PROPOSTAS DE MELLORA OU MODIFICACIÓNS NAS SUBMINISTRACIÓNS CONTRATADAS.



No suposto que o adxudicatario tivera proposto melloras de índole económica ou técnica no momento de formular a súa oferta e, aínda que as mesmas non fosen determinantes para a adxudicación do contrato, as mesmas terán carácter contractual. Tales melloras, non suporán, en caso ningún, incremento no prezo de adxudicación nin, polo tanto, do contrato. Se tales melloras non estiveran cumpridas expirado o prazo de entrega do coche, o órgano de contratación, a instancia do Responsable do Contrato, poderá esixir a realización das mesmas nos mesmos termos e prazos fixados para o contrato.

VIXÉSIMO OITAVA. - CONTESTACIÓN DE DÚBIDAS SOBRE OS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E/OU DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS.

As dúbidas que se plantexen os/as interesadas sobre o prego de cláusulas administrativas e/ou prescricións técnicas, por escrito que deberá ser remitido á dirección de correo electrónico concello@concellodepol.gal serán resoltas, no caso en que se estime procedente, a través do perfil do contratante. Hábilitase a Secretaría para xestionar tales tramitacións. Só se resolverán as dúbidas plantexadas nos 6 primeiros días do prazo de presentación de propostas, data límite para presentar consultas.

Pol, 10 de novembro de 2017

O Alcalde,



Asdo.: Lino Rodríguez Ónega



ANEXO I Modelo de declaración de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración. (Incluír no sobre A).

D/D^a DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración e que os administradores da persoa xurídica que represento non están incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

2.- Que estou o corrente no pago e/ou que a persoa xurídica a que represento está ao corrente no pago, das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do RXLC.

3.- Que non teño pendente de pago e/ou que a persoa xurídica a que represento non ten pendente de pago, ningunha débeda en período executivo co concello de Pol.

4.- Que a persoa xurídica á que represento está dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e non causou baixa no mesmo

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado convocado polo concello de Pol.

En , de de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a



ANEXO II Modelo de declaración sobre a capacidade e solvencia para contratar coa administración (Incluír no sobre A).

D/D^a DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza N^o

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza N^o

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade:

Que cumpro (que a persoa xurídica á que represento cumpre) as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, incluídas as condicións de capacidade e solvencia recollidas na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas e no apartado 8^o da cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adjudicación mediante procedemento aberto do contrato de subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado convocado polo Concello de Pol.

En _____, de _____ de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a

(Sinatura)



ANEXO III. Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación (Incluir no sobre A):

D/D^a DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

Acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o concello de Pol para o contrato de subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado convocado polo Concello de Pol, se realicen mediante o seu envío ó fax número: _____ ou á dirección de correo electrónico:

En _____, de _____ de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a

(Sinatura)



ANEXO IV: MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA: (SOBRE B).

D/D^a DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza N^o

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza N^o

Poboación CP

Toma parte no procedemento para a adxudicación do contrato de subministración, subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado convocado polo Concello de Pol, e para o que fai constar expresamente, que:

1.Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexen na contratación e mailos seus Anexos, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen excepción ningunha.

2.Comprométese á subministración de UN CAMIÓN-CISTERNA DE REGO ASFÁLTICO USADO por importe de euros aos que se engadirán euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de euros.

3.Reduce o prazo máximo obrigatorio de entrega camión-cisterna de rego asfáltico usado en..... días, que se restará ao prazo fixado como máximo.

4.Incrementa o prazo de garantía obrigatorio en meses, que se sumará ao prazo mínimo de garantía en pezas e man de obra. O prazo mínimo de garantía total en pezas e man de obra é de 2 anos.

5.Acompaña toda a documentación esixida nos pregos.

6.Se compromete e obriga expresamente a presentar no Rexistro Xeral do concello de Pol, e dentro do prazo máximo de dez días hábiles dende recibida a comunicación sobre a proposta de adxudicación, a documentación á que fai referencia á Cláusula 17 do referido prego.

En , de de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

ANEXO V. MODELO DE OFERTA TÉCNICA. (SOBRE B).

	REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIDOS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS	MELLORAS



ANEXO VI: DECLARACIÓN RELATIVA A GRUPO DE EMPRESAS (Incluír no sobre A. Presentar se concorren á licitación máis dunha empresa do grupo ou vinculadas).

D./Dona _____, con DNI _____, visto o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, así como o artigo 145.4 do TRLCSP, mailo artigo 86 do RXLCAP, en relación co disposto no artigo 42.1 de Código de comercio (CC), emito a seguinte

DECLARACIÓN XURADA

A entidade mercantil _____, para os efectos previstos no artigo 145.4 do TRLCSP, mailo artigo 86 do RXLCAP, declara (deberá consignarse a continuación o que proceda):

Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do CC, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 dese código.

Se atopa incurso no suposto (menciónese este) _____, previsto no artigo 42.1 do CC, ao pertencer ao grupo de empresas _____ (ou se é o caso, estar integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos alternativos do artigo 42.1 do CC) respecto da cal forman parte as seguintes sociedades (deberán consignarse a continuación as denominacións sociais que integran o grupo ou das sociedades nas cales concorra algún dos supostos alternativos regulados na devandita norma legal respecto dalgún dos seus socios):

- a)
- b)

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adjudicación mediante procedemento aberto do contrato de subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado convocado polo Concello de Pol.

En _____, de _____ de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a

(Sinatura)



ANEXO VII: DECLARACIÓN RELATIVA A GRUPO DE EMPRESAS (Incluir no sobre A se NON concorren á licitación máis dunha empresa do grupo ou vinculadas).

D./Dona _____, con DNI _____, visto o disposto no prego de cláusulas administrativas particulares, así como o artigo 145.4 do TRLCSP, mailo artigo 86 do RXLCAP, en relación co disposto no artigo 42.1 de Código de comercio (CC), emito a seguinte

DECLARACIÓN XURADA

A entidade mercantil _____, para os efectos previstos no artigo 145.4 do TRLCSP, mailo artigo 86 do RXLCAP, declara:

Que non concorre á licitación para a adjudicación mediante procedemento aberto do contrato de subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado convocado polo Concello de Pol, outra empresa do grupo ou vinculada.

En _____, de _____ de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a

(Sinatura)



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

ANEXO VIII: : MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A INCORPORACIÓN AO CADRO DE PERSOAL DA EMPRESA DE TRABALLADORES MINUSVÁLIDOS (Incluír no sobre B):

D/D^a DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza N^o

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza N^o

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade que:

O número de traballadores en plantilla da empresa á que represento é de traballadores.

O número particular de traballadores con discapacidade na mesma é traballadores.

Igualmente declaro:

Que, de resultar adxudicataria do contrato de subministración Dun camión-cisterna de rego asfáltico usado convocado polo Concello de Pol, e durante a vixencia do mesmo, asume a obriga de ter empregados traballadores minusválidos nun 2%, cando menos da plantilla da empresa, se ésta alcanza un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ou a de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril. Polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cuota de reserva a favor dos traballadores con discapacidade.

Nota: En caso de ter optados polas medidas alternativas legalmente previstas, e no caso de resultar adxudicataria, a empresa deberá aportar unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración coas concretas medidas ao efecto aplicadas.

En , de de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a



ANEXO IX. MODELO DE AVAL (GARANTÍA DEFINITIVA) [modelo a presentar polo licitador proposto como adxudicatario].

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), con CIF , e con domicilio a efectos de notificacións e requirimentos na (rúa/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrígala neste acto, segundo resulta da verificación de suficiencia (bastanteo) de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA a: (nome e apelidos ou razón social do avalado), con CIF/NIF , en concepto de garantía definitiva en virtude do disposto polo artigo 95 do TRLCSP para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato), ante o concello de Pol, por importe de: (en letra y en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento do concello de Pol, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, nas súas normas de desenrolo e na normativa reguladora da Caixa xeral de depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que o concello de Pol ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para isto autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na la Lei de contratos do sector público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

(razón social da entidade)

(firma dos apoderados)



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

ANEXO X: MODELO DE EXENCIÓN DE PAGAMENTO DO IAE. [modelo a presentar polo licitador proposto como adxudicatario, se está exento do pagamento do IAE].

D/D^a DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1. Que estou dado de alta/ a entidade mercantil á que represento está dada de alta na Axencia Tributaria en/nos epígrafes/s , e está exenta do pago do IAE no exercicio , de conformidade co artigo 82, apartado 1, letra c do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado convocado polo Concello de Pol.

En , de de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a
(Sinatura)



ANEXO XI: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE A VIXENCIA DOS DATOS QUE FIGURAN NO REXISTRO DE LICITADORES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO [modelo a presentar polo licitador proposto como adxudicatario].

D/D^a DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1. Que me atopo inscrito no Rexistro de contratistas da Excma. Deputación provincial de Lugo/ que a empresa que represento se atopa inscrita no Rexistro de contratistas da Excma. Deputación provincial de Lugo co número .
2. Que as condicións e circunstancias declaradas no momento da inscrición, e que serviron de base para a mesma, non experimentaron variación algunha.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a adxudicación mediante procedemento aberto para a subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado convocado polo Concello de Pol.

En , de de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a

(Sinatura)



CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

ANEXO XII: MODELO DE AUTORIZACIÓN A SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PARA A SOLICITUDE DO CERTIFICADO RELATIVO AS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE POL [modelo a presentar polo licitador proposto como adxudicatario].

D/D^a DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

En representación de CIF

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza Nº

Poboación CP

AUTORIZO ao señor secretario-interventor do Concello de Pol, para a adxudicación mediante procedemento aberto do contrato de subministración dun camión-cisterna de rego asfáltico usado.

En _____, de _____ de 2017

O CONTRATISTA

Asdo: D/D^a

(Sinatura)